ANO XVII • Nº 501
Do 3 ó 16 de marzo de 1997
Vintecinco pesos

IRIMIA

REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS



Xosé Antón Iglesias

testemuña galega en Nicaragua

EDITORIAL

Coresma... ¿aínda?

A secularidade -proceso de perda do sentido do sagrado que trouxo a Modernidade-, reduciu ó mínimo a importancia social dos espacios e tempos sagrados. Mentres medra o entroido, esmorece a semana santa, hoxe para moitos cristiáns con calendario afortunado, tempo de turismo. ¿Haberá que se laiar?

Socialmente, a coresma era un tempo moi marcado. O enterro da sardiña sinalaba, paradoxalmente, a aparición dela, pois o que se soterraba era a carne. Nun tempo en que os ricos manducaban carne e o peixe era mantenza dos pobres, compréndese que a obriga da abstinencia tivese un significado do que hoxe carece.

O xaxún tivo mellor fortuna cá abstinencia: desvencellouse da súa dimensión ascética e quedou nestes dous ámbitos: a) privación para tributar con diñeiro a favor das grandes causas sociais; b) expresión de moi crible protesta contra algo dende o sacrificio do propio bandullo.

Nas parroquias galegas o tempo coresmal era ocasión para afirmar, tanto a pertenza á parroquia coma a submisión ó señor cura. Era o Preceuto, palabra que en por si xa indica a dependencia, pois era preceptivo non só da-la cartilla -o *ensamino*, lle chamaban nalgures-, senón tamén tributar en especie ó señor abade. Os concursantes a parroquias trataban de informarse, antes de escolleren, sobre os *bos costumes* da freguesía que ansiaban, cousa que nada tiña que ver coa moral.

Hoxe a penas existen bos costumes e nin tan sequera os malos de antes -bailes, esmorga de entroido, relacións eróticas-, reclaman ó cliente de tales licenciosos hábitos acto penitencial ningún. A Coresma quedou desanxelada e sen a protección do vice-omnipotente demo que tiña o capricho de tentar.

¿Non serve para nada a corentena? Hai quen afirma que xa non existe división entre profano e sagrado. Témolas nosas dúbidas: o incremento de re-sacralizacións e mailo inzar de ritos por todas partes dános a entender que a secularización non foi tan destructora. Coexiste a sociedade secular coa relixiosa.

Se non nos agrada falar do sagrado, refirámonos a tempos e espacios simbólicos que o ser humano ten necesidade de acoutar para, dende a singularidade do espacio ou tempo de elección simbólica, dirixir unha ollada á Transcendencia. Como lle dixera a raposa ó principiño, «os ritos son necesarios».

Ó lor disto, ningunha dúbida nos cabe de que a tradición coresmal pode revivir coma tempo da reflexión celebracións comunitarias xa non tanto da penitencia coma do perdón, viacrucis reconvertidos en denuncias proféticas, lonxe do pietismo dolorista de outrora. Nada perdemos con facer da coresma, solidarios coa nosa tradición relixiosa, un *tempo forte*, que así lle deron en chama-lo liturxistas.

O TRASNO

Mortes en directo

Daniel López Muñoz

Nun país deses do norte que disque van por diante nosa, cara a nin se sabe, argallaron un sistema para educa-los nenos nesto de vela tele. Poñen un par de animaladas de violencia con Stalone e demais e, de súpeto, ¡ali hop!, sae Bugs Bunny, o Coello da Sorte, dicindo: «Amiguiños, isto que vistes parece verdade pero é mentira, é imaxinación, é película, non realidade, tedes que aprender a distinguir *peli de non peli*,... isto é todo amigos...» e vaise coa música aquela de *la-función-va-a-empezar* ...

Hai uns meses, un, que ten a tele racionada pola vida, asistiu casualmente á emisión duns fusilamentos reais en Guatemala nun telexornal da galega. Así, tal cal. Entre unha reportaxe dun comisario europeo falando das vacas tolas e o novo récord *guinnes* de tortilla en Carcacía, ceibáronnos, sen maior comentario previo, nin, o que se cadra é peor, a máis mínima reflexión crítica posterior, unhas arrepiantes imaxes de tres coitados, supostos violadores xulgados daquela maneira, e fusilados diante das cámaras para goce da audiencia da aldea global. Non saíu Bugs Bunny, o Coello da Sorte, porque era verdade. E os que xa imos enxergando entre peli e non peli temos gravada na retina aqueles tres corpos de indio maia atados polas mans, esbarrigándose sen vida tras unha brutal descarga.

Pero todo se pode superar. Agora as privadas emiten programas con víctimas reais. Un motorista que se esnafra, un home que asasina diante da cámara, unha pelexa real, e mesmo piden que os espectadores manden vídeos macabros, violentos e sanguiñentos, sempre que sexan reais. Coido que Pinochet vai escribir a Pepe Navarro. Seica ten aquel dictador en paro unha colección deliciosa de filmacións de torturas surtidas, estimulantes violacións, centos de corpos reais, absolutamente reais, mutilados, rotos, afogados en merda de soldado, desencaixados pola picana.

¿Quen llo pode impedir? ¿Quen dubida do éxito de audiencia? Amiguiño, o mercado é o mercado. ¿ou que?.

IRIMIA

FEITO EN PAPEL RECICLADO

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA
DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago Telf.: 585330.
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Sara Paz Quiñones, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas.
COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Anxo Moure Mosquera, Francisco Carballo, Tintxu, Pepe Coira, Mario Cambeiro, X. M. Lema Súarez, Manolo Sordo Villar, Fco. Lorenzo Mariño, Lois Ferradás, Madó Domínguez, Xesús Ferro Ruibal, Moisés Lozano Paz, Clodio González Pérez, Manolo R. Bermejo.
SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela
Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.500 pts. Real: 3.000 pts. De Apoio: 5.000 pts.
CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago
Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **IMPRIME:** Graficolor MINERVA

Xosé Chao Rego

Amores e desamores de David (1 Sam 18)

[1]Acabada a conversa de David con Xaúl, Ionatán acariñouse con David. Queríalle coma a si mesmo. [2]Xaúl retivo consigo a David dende aquel día e non o deixou volver para casa de seu pai. [3]Ionatán fixo un pacto con David, pois queríalle coma a si mesmo. [4]Despoxouse do manto que levaba e deullo a David. E co vestido deulle tamén a súa espada, o seu arco e mesmo o seu cinto. [1]

O agasallo da armadura militar significa que Ionatán o considera coma igual a si mesmo. Pero axiña chouta a envexa do rei Xaúl, pai de Ionatán:

[5]David saía ben de tódalas incursións que Xaúl lle encomendaba e o rei púxoo á fronte dos soldados. Fíxose querer de todo o exército e tamén dos ministros de Xaúl. [6]Cando volvían das saídas, despois de que matase David ó filisteo, viñan ó encontro de Xaúl as mulleres de tódalas cidades de Israel, cantando e danzando, ledas, con pandeiros e con ferreñas. danzaban**, cantando a coro:**

Xaúl matou os seus mil
pero David os seus dez mil.

[8]Xaúl enfadouse moito e pareceulle mal aquela copla. Dicía: a David danlle dez mil e a min mil. Xa só lle falta o reino. [9]Daquel día en diante Xaúl mirou con malos ollos a David. [2]

A palabra envexa procede do latín «in video», que é botarlle o ollo enriba a alguén. Pero a envexa vólvese contra o que a padece, neurotízao. Xaúl, un psicópata:

[10]Ó día seguinte un mal espírito de Deus asaltou a Xaúl, que andaba atoleado pola casa, mentres David tocaba a arpa, coma tódolos días. Xaúl tiña a lanza na man [11]e arrebolouna querendo cravar a David contra a parede. David safouse dela por dúas veces. [3]

David é bastante moceiro, e namórase de varias mulleres. Mesmo chega a ser xenro de El-Rei por dúas veces. Xaúl aproveita estes amores para enviar a David a unha difícil misión antifilistea que lle pode custa-la vida. Pero David acadou a fazaña. O rapaz tiña moito en canto e, ademais, ó deus de Israel ó seu favor. Así calquera:

[...] [20]Micol, filla de Xaúl, namorárase de David. Dixéronllo a Xaúl, que o aprobou. [21]Pensaba para o seu adentro: Dareilla e serviralle de trapela, para caer nas mans dos filisteos [...] [23]Os servidores de Xaúl comunicáronllo. E David respondeulles: -¿Parécevos pouca cousa chegar a xenro do rei? Eu son un home pobre e de humilde condición. [24]Os servidores de Xaúl leváronlle ó rei a resposta de David. [25]Entón mandou el que lle aclarasen: Ó rei non lle importa tanto o dote que lle deas, canto cen prepucios de filisteos, para se vingar dos seus inimigos. Xaúl contaba con que David caese nas mans dos filisteos.

E xa o lector adiviña que David triunfou e casou.

NOTAS:

[1] Este texto é con frecuencia invocado para falar dun amor gai ou homosexual entre David e Ionatán. O prestixioso autor John Boswell comenta que, a pesar de non haber figura medieval mellor coñecida polos seus intereses heterosexuais cá de Abelardo -namorado de Eloísa-, este teólogo do século XII utilizou o vocabulario erótico para referirse á amizade destes dous personaxes. O texto non é moi explícito, a non ser que se complete coa elexía de David á morte de Ionatán (2 Sam 1,17-27), que remata así: «¡Canto te quería! O teu amor era máis doce para min có amor das mulleres». Pero tamén chora a morte de Xaúl, o seu inimigo, en termos así mesmo eróticos.

[2] Este cantar feminino é a verdadeira consagración de David, pois as mulleres adoitaban recibir con danzas e cantigas ós vencedores. Tal sucede no libro dos Xuíces (11,34) ou o cantar de Déborah (Xuí 5). A importancia deste cantar pode medirse pola porfía en repetilo, tanto no capítulo 21,19 coma no 29,5.

[3] Aínda non se inventara o demo -que aparece entre o século VI e V antes de Cristo, e os malos espíritos e mailas tentacións proceden do mesmo Iavé, pois Israel non admite un dualismo que profese un principio bo -Deus-, e outro mao: o demo.

«MULLERES ESCRITORAS» é o primeiro tema dunha publicación anual «Unión Libre. Cadernos de vida e culturas» que dirixen Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, que aparece na fotografía, e que acaba de ve-la luz en Edicións do Castro. Quere ser unha mostra da vida no seu sentido máis integral e pluricultural, por iso, na súa redacción están presentes autores de tódalas culturas. Ámbolos dous escritores teñen unha ampla obra moi estimada noutros países, polo que a súa difusión está garantida en tódolos continentes.

O 10 DE MARZO, «Día da Clase Obreira», botamos unha ollada ó mundo do emprego que é o meirande problema de Galicia, polo declive que está a sufrir. Menos de novecentos mil galegos ocupados e o outro sesenta e seis por cento formando iso que os técnicos chaman as clases pasivas... Con douscentos mil doce no paro (o 16%), sómos-la comunidade de todo o Estado na que máis medrou o desemprego relativamente. Este ano comezou con catro mil desempregados máis; é a provincia da Coruña a máis afectada. Na fotografía o Monumento ó 10 de Marzo, na Praza das Pías do Ferrol.

AS MULLERES DE AFGANISTÁN están a sufrir na súa carne a intolerancia e a opresión dos talibáns de Kabul, que controlan a meirande parte do país e que acosan ás mulleres con todo tipo de atrancos, privándoas dos dereitos máis importantes: liberdade de movemento, pensamento, traballo... As enfermas non poden acudir ás consultas dos médicos varóns, e, en calquera consulta, non poden saca-lo «chador» (veo), que é obrigatorio para elas.

AS ELECCIÓNS NO SALVADOR o vindeiro dezaseis de marzo fannos lembra-lo rastro de destrucción e morte que deixou a guerra, e segue a ser un dos países con máis mortes violentas -relativamente-, moitas delas producidas tamén polas minas que inzan o territorio e que son causa de morte e discapacidade para moitos salvadoreños. Unha mina segue activa preto de trinta anos, polo que ese risco está aí. Non se concibe que non se prohiba totalmente o seu uso xa que non é doado o seu control entre os fabricantes: Europa, Estados Unidos, India, Pakistán, China, etc.

IRIMIA

Encontro na Pascua

Irimia convoca como en anos anteriores unhas xornadas de convivencia comunitaria e oración nos días da próxima Semana Santa. O lugar é Touro, na casa rectoral. As datas do encontro son do mércores santo á tardiña ata o domingo de pascua ó xantar.

Terán o mesmo estilo que xa vén facendo tradición: autoxestionado e autofinanciado; con espacios e tempos para o silencio persoal, para o intercambio no grupo e para compartir co resto da parroquia. Admítense xentes de tódalas idades.

Animará este encontro de Pascua Xosé Antón Miguélez.

Por necesidade de programación a data límite para anotarse -agás causa de forza maior- é o 10 de marzo. Convén, logo, facelo con tempo en calquera dos seguintes teléfonos:

986- 480262 (preguntar por Francisco ou Chon)

981- 675205 (preguntar por Ana).

Tamén adiantamos que o encontro de verán deste ano será do 14 á tardiña ata o 19 de agosto, animado por Pilar Wirtz. De segui-la progresión de participantes dos últimos anos, habería que desdobrar e facer dúas convocatorias. Para planificar todo isto axeitadamente convén comunicar canto antes a intención de asistir a estes mesmos teléfonos.



DÚAS CITAS CO MUNDO DO AGRO que esixen a nosa colaboración, a III Xornada do Mundo Rural en Mondoñedo (o día vinteseis de abril) organizada por Cáritas, e o I Congreso Galego de Comunidades de Montes o vintecatro e vintecinco de maio, no Mosteiro de Poio con estas ponencias: «Os montes veciñais: da devolución ó abandono, camiño da privatización» e «A lexislación e a política de montes necesaria». As comunidades convocantes queren ser «unha voz na defensa do Monte Comunal». Para máis información: Estrada Xeral de Valladares, 233. 36314-Vigo (Tfno. 468684).

AS MULLERES seguen a ter máis trabas no mundo do traballo fóra da súa casa: a actividade masculina segue a duplica-la feminina. O paro tamén se dispara entre as mulleres: un trinta por cento fronte a algo máis dun dezaoito para os homes. É o sector servicios o que máis contratos está a crear entre elas, máis do dobre na empresa privada que na pública. Pero na casa as mulleres traballan dez veces máis cós homes; disto resulta que eles teñen unha hora e media máis para o ocio: deportes, relacións sociais, viaxes. Como homenaxe a tódalas mulleres ollamos outra volta esta pintura de Laxeiro, aínda que privada das súas cores.

OS PREMIOS MONCHO VALCARCE «Pola Promoción da Terra» e «Pola Defensa da Terra» van ser entregados o vindeiro quince de Marzo nunha cea en Culleredo convocada pola Irmandade Moncho Valcarce, que trata de recoñece-lo labor deste crego nacionalista que entregou ata a derradeira gota do seu sangue, seguindo a Cristo nesta súa terra, sempre desde a sinceridade dunha vida. A cea saboreará a música de «A Quenlla». A obra de cerámica é de Salva Hernández.



O INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA é pioneiro na preparación de acuicultores. Neste centro instalado na Illa, o último núcleo de poboación convertido en concello, na comarca de Arousa, están a prepararse non só no cultivo da ameixa, mexillón, zamburiña, centolo, salmón, ollomol, rodaballo, etc; tamén están estudiando cómo transformar e vende-lo producto. É importante a aplicación industrial que queren dar á acuicultura, e xa deseñaron un acuario para o centro que o arquitecto Carlos Portela fixo na Praia de Compostela, en Vilagarcía.

O CAMPIONATO DE ESPAÑA PARA MINUSVÁLIDOS PSÍQUICOS de Campo a Través ten lugar na Guardia no cámping de santa Tegra o oito deste mes, no que participarán máis de douscentos cincuenta deportistas galegos entre técnicos e atletas de cross, o que é un sinal de que estas persoas tamén poden participar das actividades de todos, cando lles deixamos cancha aberta na sociedade.

O ALCOHOL produce moitas mortes nas nosas aldeas e cidades. Máis de douscentos cincuenta mil galegos e galegas sofren dependencia desta droga que tantos estragos fai nas familias. Máis da metade dos mozos abusan a cotío da bebida. Segundo os expertos, máis da metade dos accidentes de tráfico protagonizados pola mocidade -que son moitos tódolos fins de semana- son debidos ó exceso de alcohol. Escomeza a sentirse un afán por desengan-charse entre algúns deles, por exemplo, a través da Federación Galega de ex-alcohólicos, que conta con dezaseis colectivos no país.

SARGADELOS

GALERIAS DE ARTE
LIBROS
CERAMICA

27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04

O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléfs.: 981 - 62 09 37 / 62 02 00
Fax: 981 - 62 38 04

Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléf.: 981 - 58 19 05 / 58 18 88
Fax: 981 - 58 18 88

Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
Fax.: 93 - 215 01 79

Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
Fax.: 91 - 310 48 30

Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28

Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16

Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13

Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 22 00 50
Fax: 986 - 22 04 74

Albareda, 17
41001 SEVILLA
Teléf.: 95 - 421 67 08
Fax.: 95 - 421 67 08

Vía A. Volta, 20
MILANO, 20121
Teléf.: 02.657 58 99
Fax.: 02.657 58 99

Francisco Lorenzo Mariño

A coresma e o perdón

Os que somos xa veteranos na clerecía podemos falar de moitos feitos experimentados no transcurso da evolución relixiosa de toda unha vida coma leigo e coma crego na busca dunha relación amigable con Deus.

Por iso me veñen á cabeza aquelas esmagantes misións xeradoras de pánico e desequilibradoras dun espírito persoal de serenidade e dunha relación familiar cun Deus, que se dixo noso Pai.

A máis importante actividade nunha parroquia era chamar un bo predicador que pronunciase os sermóns coresmais especialmente sobre do pecado, que movese ás xentes a un sincero arrepentimento e que fose un bo «confesor». De chama-los fieis ás pláticas, encargábase o señor Cura, así como de chama-los compañeiros da «táboa» para oí-las confesións das longas colas de penitentes.

O pobo pensaba e pensa doutro xeito sobre do perdón de Deus: «cómo pode un home perdoar a outro...» «eu xa me confeso con Deus», «un Deus Pai non pode ter un inferno eterno para os fillos...»

Estas frases non son unicamente de xentes máis ou menos arredadas da práctica relixiosa senón tamén de fieis practicantes.

Pero volvendo ó primeiro: «padres» descoñecidos, curas alleos á parroquia, confesionarios nos sitios máis escuros da igrexa, cortinas opacas, normas (cinco) para unha boa confesión...¿onde queda o sentido comunitario do perdón? ¿para que serve o texto de Mateo 18, 15-18? Aquel de: «Se teu irmán peca contra ti, vai e repréndeo...»

Hai algunhas semanas un grupo de fieis, sobre todo donas e algún señor tamén, reunidos para unha revisión de actividade cristiá, desentendéronse un pouco ou bastante de min e empezaron a contar casos que lles pasaran na confesión individual. Unha dona aseguraba que estivera moitos anos sen comungar polo pánico que lle impuña o confesionario. Un dicía dos enormes sufrimentos que pasara na súa vida por mor de remorsos, escrúpulos, etc. E son cristiáns convencidos.

¿Será ese o perdón que oútorga Xesús na parábola do fillo malgastador? ¿É así como lle perdoou ó tolleito, á adúltera, á samaritana, á pecadora que lle perfumou os pés...?

Xesús perdoa gratis.

Albania: os pobres do vello continente

As contradicciónS do capitalismo non teñen límite. Albania, un esquencido país está a ser triste protagonista polas manifestacións e protestas dos seus habitantes, que crendo nunha falsa utopía do modelo liberal-capitalista de países do seu contorno (Italia...), caeron en mans de sociedades financeiras estafadoras e sen escrúpulos que funden ós albaneses nunha aínda máis profunda miseria.

Albania: unha economía agrícola

Albania é un Estado de Europa, situado na península balcánica, que limita coa ex-Iugoslavia, con Grecia e os mares Xónico e Adriático. Pasou por bastantes vicisitudes; así estivo baixo dominio romano, bizantino, búlgaro, otomano, turco, austríaco, italiano, serbio...En 1945, liberado o país, constituíuse a república popular. Foi aliado de China ata a morte de Mao (1976) as relacións con China entraron nunha fase crítica. O número de habitantes é de preto de tres millóns e medio. A poboación é pouco densa, a pesar do rápido crecemento dos últimos anos: está concentrada sobre todo nas grandes cidades: Tirana, Shkodër, Durrës, Vlorë... A súa economía segue a ser en grande parte agrícola, aínda que existe algo de industria mineira e petrolífera.

A creba financeira

Mentres os políticos e financeiros da Europa occidental se atopan ocupados na programación da prosperidade da futura Unión Económica e Monetaria, un pouco máis alá de Bruxelas, os veciños dos Balcáns viven nestes momentos unha das situacións máis críticas da súa historia. O enfrontamento bélico na ex-Iugoslavia e os problemas da súa reconstrucción (non só física, senón tamén política) e a inestabilidade económica de países como Bulgaria e Albania deixan na máis absoluta pobreza á poboación que habita eses países.

Tirana, capital de Albania

Son os pobres do Vello continente. Uns, pola guerra e outros por crer erroneamente nas «bonanzas» do capitalismo e confia-los seus aforros a institucións financeiras de dubidoso prestixio, perderon ata as súas casas. Agora serbios, búlgaros e albaneses percorreron as rúas para reclama-lo que é seu e chama-la atención dos organismos internacionais, para que non se esquezan deles, tal como están a facer con outros habitantes do continente africano. A transición ó sistema capitalista, que en Polonia e Chequia parece resultar fructífera, nestes países fúndeos aínda máis na miseria. Este desconcerto foi aproveitado por uns poucos albaneses, que se enriqueceron a custa do empobrecemento da maioría.

Despois da caída do muro de Berlín apareceron en Albania sociedades financeiras pouco vixiadas polo goberno. Os albaneses buscan nelas, cos seus aforros, as marabillas do capitalismo e chegan a vender tódalas súas propiedades para participar nos aforros, que ofrecen unha rendibilidade de ata o 100%. Unhas 350.000 persoas interveñen neste sistema piramidal de aforro. De repente descóbrese a fraude e hai grandes manifestacións, enfrontamentos e mesmo mortes. Isto obriga ó goberno a promete-la devolución dos seus aforros, a partir de febreiro e para iso utilizan os fondos de contas bloqueadas, que alcanzan só a un 20% do total. As devolucións aparecen como imposibles, sobre todo dada a crise de ingresos do Estado albanés e a caída dos ingresos procedentes dos emigrantes, asustados pola experiencia financeira dos seus concidadáns.

Todo isto debe levarnos a reflexionar sobre o engano e as falsas expectativas creadas pola propaganda do liberalismo económico, que crea necesidades, pero que non posibilita que as persoas poidan obter suficientes medios económicos para satisfacelas e cando menos, para poder ter unha vida digna. Isto pasa de maneira alarmante na poboación de Albania e mesmo na de Bulgaria, pero tamén está a pasar preto de nós, na nosa Comunidade Autónoma e no Estado español, no que estamos asistindo, segundo o Partido Popular, a un grande esplendor económico, sempre dentro do contexto da chamada «macroeconomía», cando a economía doméstica, a da maioría dos cidadáns, está cada vez máis ameazada coma consecuencia das altas porcentaxes de desemprego, de pobreza e da precarización do emprego. Menos enganos, mellor reparto dos beneficios económicos e, en definitiva, máis xustiza social sobre todo en Albania, pero tamén aquí.

Moisés Lozano Paz.

Con Xosé An

"Non hai máis futuro

Xosé Antón Iglesias marchou hai dous anos para Nicaragua. Agora está de visita en Galicia petando nas portas para os campesiños da illa Zapatera. Esta illa foi tomada por unhas familias que viven na máis absoluta miseria e que ocuparon unhas terras baleiras pero que o goberno reserva para os intereses do turismo especulativo. Xosé Antón sabe que en calquera momento se pode producir unha masacre se o goberno decide desaloxa-la illa por métodos violentos. El di que cómpre perde-lo medo; ou se está cos pobres ata o final ou non merece a pena. Ademais fálanos da situación económica, política e relixiosa do país. Revélanos unha situación de violencia, represión e miseria arrepiantes. Pero tamén de esperanza e optimismo.

¿Que tal se empezamos falando de igrexa e revolución?

Iso explica moitas cousas. Cando se produciu o proceso revolucionario abriuse unha fenda de expectativas e unha grande esperanza. Pero dentro da igrexa popular déronse por feito cousas que despois non correspondían á realidade como é o paso dunha fe atemporal a unha fe histórica; dun Cristo do ceo a un Cristo presente na loita diaria. Esa síntese nunca se chegou a dar. Cando se está a levar unha iniciativa popular coma construír un pozo ou un galiñeiro pasa a ser un acto de fe. E a iso non se chegou, porque require moito tempo, moito acompañamento pastoral e pedagóxico que non houbo en Nicaragua. Ademais, a interrupción do proceso da revolución no ano 1990 supuxo unha desbandada a nivel político, social e tamén daqueles grupiños de comunidade popular que era un xermolo de moita esperanza, pero cativo. Tanto os amigos coma os inimigos da igrexa déronlle demasiada importancia ó que era igrexa popular.

¿E como foi iso?

Porque a revolución sandinista, que foi das máis creativas e das máis orixinais de América, lanzou a consigna de que "entre relixión e revolución non hai contradicción". E si que a había. Porque as manifestacións relixiosas van por un lado e o quefacer cotián, social da revolución por outro. Esa síntese non estaba feita. Foi coma colocarlle unha camisa demasiado grande, que soñaba, que era un desexo, pero que non se correspondía coa realidade.

O papa en Nicaragua

O Papa visitou Nicaragua en dúas ocasións ¿non si?

Si. Tamén o papa nas dúas veces que visitou Nicaragua imaxinou unha igrexa popular na liña da teoría da liberación que en realidade non existía. O que pasou é que se deu un feito único: tres curas, moi significados eles, apareceron en postos claves do goberno (Ernesto Cardenal, seu irmán Fernando e Miguel D'Escoto). E cando chega o papa toma partido no conflicto do interior da igrexa condenando a igrexa popular que case non existía.

¿Neste punto, o pensamento sandinista non é uniforme?

A partir do 90 a Fronte Sandinista, que é a única expresión política da masa pobre, que é case toda a poboación, entrou nunha disputa interna. No sandinismo hai pois, persoas calculadoras, sen paixón e despois está a maioría que aínda conservan aquela mística e aquel ideal que permitiu facer unha revolución popular contra a fame, contra a pobreza e contra a enfermidade.

Xosé Antón e Angela.

¿Que visión ten sobre isto a xente coa que estás?

Son todos sandinistas, algúns ex-combatentes ou da Xestora Popular Sandinista. Cando se debate sobre un tema relixioso ou político, un tenta deslindar unha organización campesiña coma eles do que é o partido. Nós defendémo-la autonomía partidaria, o que non significa ser neutral. Ningún partido vai resolve-lo problema dos pobres, nin en Nicaragua nin en Centroamérica nin no resto do mundo. E menos neste contexto de política neoliberal pura e dura pensada para uns poucos e contra moitos. Unha política excluínte das maiorías. Un partido pode axudar ou entorpecer pero non resolver. Non temos máis que mirar cara atrás, para as catro revolucións que se fixeron (mexicana, boliviana, cuabana e sandinista) a única que levou adiante un labor contra a pobreza o analfabetismo e a enfermidade, foi a cubana, converténdose en referente para todo o mundo. Cando a xente di que en Cuba viven mal eu recoméndolles que visitan Cuba –esa Cuba de Fidel á que poderiamos facer moitas críticas–, que pasen antes por países coma Nicaragua, cun 87% de pobreza e cun 55% por debaixo dos límites da pobreza, é dicir, na extrema pobreza. Cuba semella o único baluarte de dignidade que lle queda a unha masa de condenados á represión e a unha morte lenta. Falamos nada menos que de 3000 millóns de famentos. Poderase criticar a Fidel, pero o que non se pode facer é falar de dereitos humanos ideais e silencia-los dereitos humanos sociais.

As eleccións

¿Que pasou con esta segunda derrota electoral do sandinismo?

É algo que aínda non temos asimilado. Quixemos morrer. E non o digo nun sentido pesimista, poque á luz da morte, ás veces vese mellor a vida. Os que estamos implicados con comunidades de base, con familias campesiñas pobres, talvez teñamos que facer unha reflexión fonda

ntón Iglesias

có que construamos"

para recupera-la ilusión e a esperanza.

Pero non había moitas alternativas, porque a pouta de Estados Unidos chega a tódolos sitios e había que optar polo goberno imposto ou por seguir en guerra.

Si, a derrota do 90 foi totalmente inesperada, contra todo prognóstico. Nin sequera en Norteamérica contaban co triunfo da Unión Opositora. É certo que o determinante da derrota dos sandinistas foi a guerra tan inxusta e tan desigual alentada e financiada polos gobernos de Reagan e de Bush. Foi a xente do pobo, os propios sandinistas que votaron pola Unión Opositora para evita-la guerra. Estas últimas eleccións, que dende o punto de vista estratéxico eran moito máis decisivas cás do 90, tiveron sempre o asunto da propiedade de fondo, que é o tema clave en Nicaragua. Dependendo como se aborde este tema, a favor das maiorías pobres ou a favor dos de sempre, temos unha Nicaragua cunha certa paz ou a confrontación está servida.

O novo goberno

¿Quen é este novo goberno?

Os somocistas, que regresan ó poder cando, paradoxalmente, só pasaron 17 anos dende a revolución. Se pretenden facer todo o que anunciaron ó longo da campaña de regresar á propiedade, de devolvela ós seus antigos donos, o cal equivale a anula-la reforma agraria, a confrontación témola aí. Cómpre no esquecer que Nicaragua é o país do mundo con máis armas *per capita*, consecuencia da política armamentista estadounidense. Son abondo para manter unha guerra durante moitos anos.

E iso notarase cada día..

Si, en Managua a violencia pode palparse. É unha violencia que non se dirixe contra ningún poder, senón todos contra todos. A rexión do norte, dos campesiños cos que estou, está controlada pola *contra* dende o ano 90, con grupos armados que cometen un promedio de catro ou cinco accións violentas diarias: violacións, secuestros, asasinatos, a tortura máis atroz, queima de colleitas, de casas... E o campesiño ante isto está nunha situación de indefensión e abandono. Ás montañas non chega nada. Por iso, estase producindo un éxodo cara a zonas máis tranquilas. A maioría vai engrosa-lo cinto de pobreza das cidades. E outros organizan pequenos grupos tratando de buscar unha saída á súa desesperada situación. Este é o caso das familias que tomaron a illa Zapatera onde eu estou, no gran lago de Nicaragua. Son familias sandinistas, a maioría buscadas; dende o ano 90 vénse producindo unha eliminación selectiva: foron combatentes ou membros de cooperativas populares. Por iso se tiveron que unir para buscar un lugar onde vivir en paz.

A illa Zapatera no gran lago de Nicaragua

Sen embargo, é un país pouco poboado

Si, dende a conquista española, é o menos poboado de América Latina. Alí hai terra para satisface-las necesidades elementais. Así e todo hai milleiros e milleiros de familias que despois de 500 anos aínda non teñen un cacho de terra. Demasiado tempo como para non aprender que a terra hai que tomala e defendela con firmeza e teimosía. E isto é o que aquela xente ten. Aquí empecei eu a comprender que a revolución, ou a fan os pobres, ou non hai revolución. Porque houbo moitas que se fixeron en nome do pobo, coma a mexicana e acabaron daquela maneira. Aí temos o P.R.I., o partido gobernante en México, nacido da revolución e que se converteu no maior opresor do sector indixenista e dos máis pobres. E tanto alá coma acá os pobres teñen que se-la referencia permanente do noso traballo cotián. Ata o final, e, se non, todo é unha mentira. Eu estoume cuestionando a presencia da xente que imos alá. Porque cando un chega a un destes países, convértese nun símbolo de cultura, de poder, de prestixio e non sabes cando a xente está contigo polo que es ou polo que tes. Adoptan unha actitude de resignada pasividade. Se ó cabo de dous-tres anos que te sumas a unha iniciativa, segues sendo a referencia desa iniciativa, é que algo falla.

Daquela, ¿non son quen de tomaren a iniciativa?

O que ocorre é que acumulan tódalas carencias. A min axudoume moito unha cousa. Cando cheguei, entreguei tódolos meus aforros á UCA, unha unión de cooperativas agrarias. Despois viña a xente pedíndome, con problemas moi serios, e eu remitíaos á UCA, á súa propia organización. Cando ven que ti non tes, a relación que se establece é moito máis próxima. Daquela entendín que é máis importante o estar que o facer. Os que imos creo que temos demasiado peso, somos demasiado imprescindibles. Ás veces penso que en lugar de estarmos facendo a aquela xente máis donos de si mesmos, o que estamos é reforzando a súa dependencia. Non quere dicir que non haxa que levar axuda, pero hai que sabelo facer.

¿E cal cres que sería o camiño?

Mira, Nicaragua, nos últimos 25 anos foi, talvez, o país que máis axuda internacional recibiu. Isto tíñase que traducir en máis autoorganización, en máis conciencia individual e colectiva.

¿Ti que traballo desenvolves agora?

Estou dentro da UCA; tratamos facer unha comunidade de resistencia contra

esas políticas das que falabamos. Toda Centroamérica está expulsada de todo espacio socioeconómico e todo proceso productivo. E despois está o modelo de desenvolvemento industrial baseado na máxima explotación e na máxima ganancia onde o campesiño é un lastre. Eu fago de ponte entre as súas necesidades e o exterior. Agora estou en Galicia mandado por eles, procurando recursos humanos e materiais. O que fago é petar nas portas.

As terras ocupadas

¿Como foi iso de tomaren unha illa?

Xa nos medios políticos e intelectuais da capital se di que esta foi a aposta máis forte e grande que se fixo en Nicaragua. Entre as terras tomadas está unha illa cuns intereses económicos detrás moi grandes. Os antigos donos, que son somocistas residentes en Miami, teñen un plano de turismo puro e duro co consecuente deterioro do medio natural. Grandes reservas dunha riqueza de flora e fauna incribles estanse entregando a concesionarias xaponesas entre outras, que veñen, sacan o que tiñan que sacar e liscan. Contra este modelo de destrucción irreversible estamos convencidos de que non hai ninguén mellor que o campesiño para conservar e preserva-lo contorno. Á parte de que non vemos outra vía para a supervivencia desta xente. Como dicía o Che, a razón é nosa, e cando digo nosa quero dicir deles, e eu como parte implicada. Pero o poder e as cousas téñenas en Miami.

¿E polo momento déixanvos estar sen máis?

Diso nada. O ano pasado, dos doce meses, sete tivéronnos bloqueados na illa con postos de vixilancia do exército. Tiñamos ameazas constantes de desaloxo, con xuízos, con redadas... Intentan cortar subministración de alimentos. Agora estou buscando axuda de organizacións non gobernamentais con significación en Nicaragua e que poden actuar como factor de disuasión cando chegue a hora das negociacións. A algún dos que desaloxaron violentamente a comezos do 95 e obrigados a volver ó norte, a sete deles matáronos. Os que volveron alí están, coa súa teima. Se vén a orde de desaloxo pode pasar calquera cousa non desexable.

¿Como xustificou o goberno ese bloqueo?

Porque son terreos do Estado que foron ocupados. No ano 90 o goberno comprometérase, diante das testemuñas internacionais a dar terras ós desmobilizados de ambos bandos. Son terras ociosas e desocupadas. Pero eses compromisos nunca se cumpriron.

Estas son as "casas" na illa Zapatera.

E a pesar de todo, ¿teñen esperanza?

Si, a min eles fixéronme recupera-la ilusión e a esperanza. Malia viviren nun deserto de miseria, transmiten un optimismo e unha esperanza que eu nunca vira. Porque, ademais, alí non hai familia que non sufrira un asasinato, torturas... Hai na illa rapaces de 12 ou 14 que viron como a súa nai foi violada por tódolos membros dun comando ou como seu pai foi torturado e asasinado diante deles. Un non se explica como é posible que poidan manter intacta a súa tenrura. Estou convencido de que o día en que cheguen a unha síntese entre fe, política e loita, vai haber efectos multiplicadores.

E aí está o medo do Primeiro Mundo, que seica mesmo introduce sectas que impidan o avance de teoloxías liberadoras.

Claro. O día en que pasen do Cristo do ceo ó Cristo da súa propia loita será incrible. E iso é o que queremos dici-los crentes, que reino de Deus e revolución dos pobres é a mesma cousa. E revolución é o que hai que facer. Os que estamos na illa Zapatera non estamos para consolármonos mutuamente na pobreza nin na resignada pasividade. Non hai máis futuro ca aquel que construamos. Eu creo que esta conciencia vaise estendendo.

A igrexa oficial

E igrexa oficial ¿que pinta neste asunto?

É absolutamente inimiga de todo este proceso.

Nestas últimas eleccións parece que tomou partido por Arnoldo Alemán, candidato somocista, dunha forma escandalosa.

Mira, o acto político mellor deseñado, con máis consistencia ó longo da campaña foi a misa pontificial celebrada na catedral de Managua, televisada para todo o país. Isto na xornada de reflexión.

E facendo a lectura litúrxica o daquela candidato á presidencia...

Si, empezou dicindo "yo fui ungido por el Señor..." e aquilo da víbora. E todos estes elementos simbólicos foron moi habilmente seleccionados. O cardeal ía vestido de vermello, que na liturxia cristiá e o símbolo do mártir, do sangue. E mira por onde, tamén é a cor da Alianza Liberal somocista. E alí estaban os candidatos somocistas coas súas camisas vermellas.

Seica a homilía do cardeal Obando tamén estivo á altura das circunstancias...

Si, dixo algo así como que dous camiñantes no seu andar se atopan cunha víbora, que parece que está enferma e quérena coidar. Pero o outro advírteo de que se trata dunha víbora. A alusión a Daniel Ortega, candidato sandinista, estaba ben clara. Mira como sería que a consigna o día das votacións era "haga patria. Mate la víbora". Por se fose pouco, cando chega a hora de darse a paz, toda a igrexa posta en pé vai darlle a man a Arnoldo Alemán que estaba na primeira fila. Despois organizaron unha procesión baixo palio, polo interior da catedral. E o palio era portado por Alemán. Eu pasei días duros en Nicaragua. Pero este foi o peor. Un que ten como referencia a fe e a eucaristía

séntese profundamente agredido. Por suposto que un cardeal ten todo o dereito a manifesta-las súas preferencias políticas. Eu non son neutral nin creo con neutralidade. Pero aquilo foi un delicto que quedou impune e non contestado por ninguén, porque o cardeal é un lider de opinión en Nicaragua.

Isto aínda había ter maior influencia por seren un pobo profundamente relixioso, como dixeches antes

Claro. Na illa hai sandinistas ata a morte que, ante esta intervención de Obando, eles mesmos dubidaban.

Como pasa sempre unha minoría controla á maioría

Si, porque teñen tódolos recursos: exército, medios de comunicación, e a relixión tamén é un deles. Eu creo que tódolos que camiñamos pola esquerda coma bos cidadáns, tal coma manda o código de circulación, temos que facer unha reflexión. Hai dimensións da personalidade colectiva (cultura, lingua, relixión) que actúan como motor da historia con máis forza que no seu día o elemento "clase". Polonia é un exemplo claro do factor relixioso. Isto hai que ligalo a unha falta de conciencia do que é fe política. Porque na mestura de política e fe, a que sempre saíu mal foi a fe. E a esquerda ten que saber achegarse con xeito ós campesiños e en Nicaragua –tamén en Galicia– houbo fallos que convén evitar. A esquerda está obrigada a buscar unha nova linguaxe de comunicación co feito relixioso.

Donos de si mesmos

A clave está en se faceren donos dos seus destinos...

Claro, e os destinos de Nicaragua nunca se rexeron dende o propio país. Aquí tamén xorde outro paralelismo con Galicia. Aquí a burguesía non xogou o papel que lle correspondía, que era controla-lo excedente. Por iso non témo-lo nivel de vertebración de Cataluña. En Nicaragua pasa o mesmo: teñen o látego alí e o cerebro en Miami. A conquista española matou 500.000 indios e outros levounos coma escravos ás minas de Perú ou Bolivia. O peor foi manter ata o século XIX esa estructura feudal que crearon os españois. E aínda permanece moito esa cultura do colonizado. Un sentimento colectivo de inferioridade.

¿Ese sentimento dáse noutros campos?

Tamén na lingua. E outra vez o caso galego. Mentres renegues da lingua e da cultura estás renegando de ti mesmo. Esta é a responsabilidade histórica da igrexa galega, de non comprede-lo que significa a lingua e non entrar realmente no corazón do pobo. Se non entendemos isto non podemos estar falando de inculturación. Cando falamos de fillo de Deus, imaxe de Deus, supón asumirte tal como ti es. Isto explícao moi ben Pepe Chao. Eu véxoo cando veño a Galicia, cando na aldea educan ós fillos en castelán. Quere dicir que non se queren a si mesmos e buscan unha referencia allea. Eu empecei a ter uso de razón ós 25 anos, cando comezo a descubri-la realidade, o ser galego, ve-lo mundo con ollos galegos. Para min foi un dos descubrimentos máis gozosos da miña vida. Por iso algún compañeiro meu non entende como á miña idade marchei para Nicaragua. Dinme: "home ti que eras tan nacionalista...". Pero precisamente por iso. Porque son bo nacionalista tamén son bo internacionalista. Para min o proceso auténtico de iniciación na fe empezou aí. ¡Fíxate, despois de ser cura!

Aldegunde Quiñones

Clodio González Pérez

As "cruces de Cenlle"

Non ben chega a Coresma aínda son moitos os veciños de Cenlle, nas terras altas do Ribeiro (neste caso do Avia e do Miño, porque participa de ámbalas dúas concas hidrográficas), que se lembran das «cruces» do xoves e o venres santos. É dicir, do víacrucis que botaban arredor da igrexa, que para iso hai penduradas dos seus muros catorce cruciñas de madeira, moi feitucas, das que agora non restan máis que anacos dalgunha.

Era sempre os mesmos días e tamén á mesma hora: logo despois de xantar, alá polas tres, a xente íase congregando no adro-cemiterio. Falaban de todo para ben e para mal, criticaban e gababan, mentres non chegaba o encargado das «cruces». Todos sabían a que hora era, anque a campá estivese muda para avisar dando unhas badaladas. O último -espero que non sexa o derradeiro, anque puidera-, que as botou foi meu avó materno. Viña ser como unha herdanza máis da familia, porque seu pai tamén o fixera e, máis aínda, compuxera ou copiara (non o puiden averiguar ata o de agora) un libriño en verso que nunca chegou a entrar no prelo.

Xa hai máis dun século

Na capa figura o seguinte texto: *Livro del célebre escritor señor D. Angel Pérez, intitulado el Santo Viacruces, escrito por el referido autor el día 12 de Marzo de 1983.* E na contracapa: *Fin del livro de Angel Pérez, Cenlle.* Aínda que se trata a si mesmo de «célebre escritor», non coñezo máis obras da autoría deste labrego ribeirao que, coma os demáis conveciños, pasou a vida coidando das cepas. Nas setenta páxinas de que consta, fai un percorrido polas catorce estacións, ademais dun *ofrecimiento* como limiar e outro como epílogo. Non vou explicar nin tampouco xustificar, por ser sabido de todos, por que o bisavó Anxelo -como lle dicían- escribiu o seu libro en castelán e non en galego.

Contaban os vellos que ninguén as soubo botar tan ben como el o facía, con voz forte, solemne, empezando xa polo primeiro ofrecemento:

O soverano señor
Rey supremo de la gloria,
que con ansias y desvelos
nacidos de ardiente amor
sufrir quisiste el dolor
de vuestra pasión sagrada.
A vos humilde y postrada
llega mi alma arrepentida
de sus culpas dolorida
y de vuestro amor llamada.
Vuestros pasos seguir quiero
si me concedeis licencia
Dios y hombre verdadero!
que recibireis espero
los méritos de aución
para la satisfacción
de mis culpas y pecados,
porque queden perdonados
por vuestra amarga Pasión.
Concedez descanso eterno
a vuestros fieles difuntos
que esperando están por puntos
ir al gozo sempiterno
pues es vuestro amor paterno
si algo Señor merecemos
de las almas que sabeis
pues todo lo conoceis
que ofreceros lo devemos.
Amén

O texto é tremendamente tráxico e realista, como lle corresponde a tal dramática situación. O autor (sexa ou non o bisavó Anxelo), procurou que as súas verbas producísen nos oíntes a compaixón polo ser inocente condenado á pena capital, que mesmo a algúns lles chegaban a cae-las bágoas, en particular ás mulleres. É o propio Xesucristo quen vai narrando ó longo das catorce estacións o seu martirio, agás a súplica final de cada unha e os ofrecementos que os dá o narrador. Así empeza a undécima, «En donde el Señor fue clabado en la Cruz»:

¡O Madre de Piedad
hai de mi madre querida
para que quepa en la Cruz
ya me toman la medida.
En favor os pido amigos
que antes de enclabarme
me avrace a la Cruz primero
y me llene de vesarla:
Cama de Eterno descanso
Cruz de mortificación
en ti se acaban las ansias
que afligen mi corazón
[...]
Cojen el vrazo yzquierdo
contra el duro del madero
y tanto lo estiraron
que lo llevaron entero
adonde se juntan los nerbios
allí fueron barrenar
y echan tan largos clavos
que al alma pueden llegar.
[...]
Por estes clavos tan fuertes
que hieren tu corazón
te pedimos nos alcances
de nuestras culpas perdón.

A última vez que se dixeron as «cruces» de Cenlle foi na década dos sesenta. Dende entón xa ninguén se fixo cargo delas. Agora só queda o recordo das persoas maiores, que seguen agardando que alguén se decida a botalas de novo, como o fixeron durante moitos anos os devanceiros.

¡Que vén o lobo!

Toda a xente de orde necesita, tarde ou cedo ter un miserable ó seu servicio; ás veces, un exército de miserables.

Juan José Millás

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral
Edificio Administrativo San Caetano SANTIAGO

Santiago, 17 de febreiro de 1997

Estimado/a Director/a:

Pola Delegación do Goberno en Galicia tense coñecemento de que hai grupos xuvenís, alleos ós centros e a súa actividade normal, que fomentan a violencia, polo que solicita a colaboración da comunidade educativa para reconducir estas situacións non desexables.

Esta Consellería é plenamente consciente da preocupación que como educadores teñen o Director e mailo Claustro dos centros, e acolléndose a ese compromiso solicita que, de ter coñecemento dalgún feito que pode ter repercusións na convivencia cidadá, colabore coa Delegación do Goberno informado ás Forzas de Seguridade do Estado ou á propia Delegación desta Consellería.

Un cordial saúdo,

Máximo García Serrano
Secretario Xeral

SR/A. DIRECTOR/A DO CENTRO

O actual delegado do Goberno de Madrid en Galicia, Sr. Diz Guedes, está resultando unha figura preocupante. A carta circular que, por instigación del, envían da Consellería de Educación ós centros docentes, resulta alarmante, como pode observa-lo lector. O noso colaborador Tintxu xa lle fixera unha radiografía ó Sr. Diz Guedes, na súa columna do nº 498 de Irimia, páxina 6. Alí, entre outras cousas, Tintxu afirma:

"Do que si se ocupa o delegado do goberno –e nisto supera amplamente ó seu antecesor–, é das forzas da orde. Alí está para mandalos a desfacer manifestacións de obreiros ou estudiantes (e para denunciar ós infantes que no colo de seus pais se interpoñen no camiño das pelotas de goma). Resulta realmente escandaloso o papel do delegado do goberno: non se trata de que sexa máis ou menos acertado que a policía teña que disolver ou non este ou aquel acto de protesta; é que o delegado fala sen parar de cousas que, se teñen fundamento, requiren outras actuacións e, se non, esixen un silencio moito máis eficaz.

En definitiva, sexa un delegado do goberno e non un burdo manipulador de comunicados sobre incidentes menores. Do contrario perderá a autoridade necesaria se algún día ten que berrar ¡que vén o lobo!: ninguén o vai crer nese caso.

Xunta de Galicia

Dixo Bertold Brecht

Primeiro levaron os negros,
mais a min non me importou
porque eu non o era.

Axiña levaron os xudeus,
mais a min non me importou
porque eu non o era.

Despois detiveron ós curas
mais como eu non son relixioso
tampouco me importou.

Logo apresaron uns comunistas,
mais como eu non son comunista,
tampouco me importou.

Agora lévanme a min,
mais xa é tarde.

Derradeira páxina

Dende Chiapas

A solidariedade cos chiapanecos que están a vivir problemas ben difíciles de aturar é algo concreto que vai tomando corpo entre os irimegos e entre algúns galegos máis, sobre todo a partir do fugaz encontro, en xullo do 95, con Samuel Ruíz, bispo de S. Cristóbal de las Casas. Pero especialmente despois de que Chayito e Mario -indíxenas empeñados no compromiso coas comunidades e coa liberación popular-, se achegasen onda nós e percorresen Galicia, arredor da pascua do ano pasado, espertando a nosa conciencia e o desprendemento en favor dos pobos do Terceiro Mundo.

Como moitos xa sabedes, cando Chayito e Mario se foron, quedaron en nos remitir un proxecto social determinado co que iamos colaborar desde Galicia. Pois ben, a Coordenadora de Comunidades de Crentes galegos, nunha das xuntanzas que celebrou en Santiago, coñeceu este proxecto social e asumiu o compromiso de contribuir á súa realización.

En poucas palabras, o proxecto vai dirixido á liberación das mulleres indíxenas, intentando que poidan dispoñer de medios e de tempo imprescindibles para poder participar socialmente, sobre todo en encontros a asembleas nos que se promoven planos de formación integral continuada. E, algo a ter en conta, para comprende-la súa situación, son as enormes distancias, por unha banda, e a precariedade de medios de comunicación e das infraestructuras viarias da rexión pola outra, o que obriga a permanecer varios días fóra do lugar de residencia.

Para nós facer unha idea, só a diócese de S. Cristobal de las C. ten unha extensión superior á de todo Galicia. Se a esto lle sumamos que as comunidades viven na maioría dos casos na extrema pobreza, estaremos en condicións de comprende-la solicitude que nos fan.

A realización deste proxecto concreto supón un custo de 3.000 $ (arredor das 400.000 pts.)

Para as garantías de que as aportacións cheguen directamente ó seu destino (cuestión que cada día hai que coidar mellor, debido ós abusos que se están a cometer) seguimos dispoñendo do cauce que xa funcionou na ocasión anterior. Neste senso, o número de conta para cantos queiran axudar a reuni-la devandita cantidade é a seguinte: CÓDIGO CUENTA CLIENTE - Entidade Oficina DC Nº Cuenta Banco Pastor 0072 0106 15: 0000206573 Titulares Mª del Carmen Martínez Aneiros.

Mª Carmen Martínez Aneiros.

A miña fe medrou con Irimia

Queridos amigos de Irimia:

Anímome a escribir unhas letras para dicirvos o que para min supuxo coñecer esta revistiña máis ben pequena pero grande no seu contido.

Direivos que non tiña idea de que existise, e cando a miña amiga Sole me inscribiu a ela, ó recibila, á parte da sorpresa que me causou, foi coma unha bocanada de aire fresco. Teño que dicir que a miña fe por aqueles tempos andaba un pouco distraída e aínda ó mellor agora tampouco teño tanta como quixera; paréceme que teño as ideas un pouco máis claras.

Son moi interesantes todas as actividades que se fan. Coñecín o que son os días de convivencia por participar un verán delas en Loio, Portomarín; foi unha experiencia moi agradable e enriquecedora. Nestes momentos ó que máis asisto é á teoloxía de Bastavales [Sábados Bíblicos]. Cando falto a algunha é coma se as pilas quedasen sen recargar.

Paréceme moi ben a nova incorporación dos nenos [Obradoiro dos Nenos]: cómpre saber o que eles pensan e com se senten; así, que ¡adiante! Tamén me gusta que a revista sexa quincenal: recibila a miúdo é moi agradable.

Como xa me pasei das dez liñas, corto cunha aperta para todos.

Filucha Ventoso Romero. Porto do Son.

Irimia, como referencia

Saúdos e felicidades a todos os irimegos e irmegas!

Escribo á revista co gallo de felicitarnos por eses marabillosos cincocentos números, que xa son historia dentro do que eu chamo «Igrexa galega».

Entendo, de todos os xeitos, que as felicidades hai que dalas cada quince días, cada número, xa que é unha xanela aberta á nosa realidade cultural, e como tal, universal. Unha fiestra aberta para os cristiáns galegos e galegas, onde temos a posibilidade de rachar con moitos estereotipos de falsa creación, como pode ser o feito de que o noso idioma non se pode ou debe usar para falar con Xesús. Ou que a muller non se tome en consideración coma o home.

Irima é a voz dos cristiáns galegos e galegas que exercemos como tais. Agardo que, no camiño do millar de números, a Igrexa galega se autoestime, se achegue a doutrina de Cristo aos cidadáns no idioma destes, se exprese dun xeito actual e non anacrónico, etc. A Igrexa catalá xoga forte na sociedade, a euskalduna é un dos cernes do pobo basco,... ¿e a Igrexa Galega? Temos moito que aportar.

P.D. *Ánimo aos lectores a que colaboren anualmente co máximo esforzo económico que poidan para que esta fonte de vida chamada Irimia non seque.*

Manoel Bello Salvado. Xanceda-Mesía. D.N.I. 78 79 40 50.

Falando con xeito

Queridos socios e colaboradores de Irimia:

Vai para un ano que recibo a revista e non teño pensado darme de baixa; iso é bo sinal ¿non si? De momento non máis louvanzas non sexa que me esqueza dalgún apartado.

Respecto ó «Falando con xeito» do número 499, dicirvos que: anque non sexa nada científico, na miña familia á frase «Bota-las contas da vella» sempre se lle deu o significado de facelas de cabeza, sen precisar pizarras nin caderno, con bastane seguridade de que saían exactas; así que se gababa ás vellas pola súa habelencia para o cálculo mental, aínda que fora con reais (dos que valían 0,25 pta).

Teño unha curmá uns vinte anos maior ca min, que teño 58, que recorda cousas da nosa avoa común. Á tal avoa gustáballe saír ben preparada e os netos (eu non nacera) tomábanlle o pelo, ó que ela respondía cun dito:

«Non miran «prá vella
pero miran pró que leva».

E postos a lembrar cousas da aldea, de Santo Tomé de Freixeiro, agora xa dentro do casco de Vigo, dicía miña nai (que en gloria estea) que ían cantarlle os «reises» ós condes do Pazo da Pastora, que aínda existe, desta maneira:

«Eiquí estamos os dos «reises»/ dispostos para cantar/ se o señor nos dá licencia/ ímolos escomenzar».

«Venid, reyes Magos,
venid a adorar,
al rey de los cielos
que ha nacido ya,
al rey de los cielos
que está en el altar.

O que proba a submisión do pobo ó «señor» e o complexo de inferioridade que tiñan con respecto ó idioma.

Cómpre seguir loitando (ó estilo de Gandhi) pola nosa dignidade. ¡E de Xesús, claro! Ánimoa e adiante.

Mª Carmen R. Mouriño. Vigo

P.D. *¿Que tal unha sección en Irimia para recoller os ditos que lembren os nosos vellos?*

Liña profética

Queridos amigos/as de Irimia:

Escribo para dicirvos que estades acertando coa liña aberta e profética da revista.

Gústame moito «O Trasno» e «Boa Nova», xa que nos poñen ó día da situación galega e popular cunha linguaxe precisa e clara.

Seguide así e a ter outras 500 primaveras máis.

Moitas Gracias.

Mario. A Coruña.

¡Máis caña!

Saúdos:

Paréceme moi boa a liña que segue a revista; a xerarquía da igrexa, cada vez é peor, e eu sospeitaría da xente que escribe dicindo que se ataca moito a igrexa e o poder establecido da mesma.

Eu son nacionalista, moi tolerante e democrático, e son cristián, e aínda creo que se debería dar máis caña desde a revista, e coméntanme esto mesmo, nacionalistas e non nacionalistas.

Noraboa a todos os que fixeron que Irimia durase tanto, e agardar que duren 1.000 veces máis.

Xoán Carlos Bouso C. Mondoñedo

Un lector reactivado

Son un subscritor antigo de Irimia, mais non un lector cotián. Había cousa de dous anos qeu as revistas chegaban á casa e pasaban por riba da mesa sen que eu lles prestase maior atención. Desde hai tres ou catro meses veño seguindo con interese os artigos que están a aparecer nela.

E o motivo da miña carta de hoxe é que acabo de ler a columna de «O Trasno» titulada «A fame é a verdade espida». Non ten perda. É para quita-la pucha. Se alguén non a leu, que o faga e se xa o fixo, que recunque. Agrádame tamén a lectura da columna de Tintxu.

Todo o último número foi especialmente grato para min. Advirto unha mellora sustancial na revista desde hai un tempo. Fun subscritor «solidario». Estou pasado a ser subscritor «intersado».

Un saúdo.

Xosé Lois Vilar. Xuño 18-12-96.

Carme Lamela Villaravid

Ditos sobre a muller
Casadas e viúvas

O casamento é aínda un signo de peso suficiente na nosa fraseoloxía como para que aquí lle dediquemos unhas liñas.

¿Como chegan ó matrimonio as mulleres? Hainas que **inda teñen un pan para lle dar ós cans**, isto é, son ricas, son unha comenencia por teren de familia bens, riquezas e medios económicos para valerse de seu; do que casa cunha destas mulleres e que non desfrutaba dunha situación favorable dise que **non fixo mala feira**. Pero tamén as hai que **van coas manciñas na cabeza, non levan -ou traen- argallo consigo**, é dicir, que casan sen dote, sen levaren valores á sociedade conxugal. Outras, van acompañadas mesmo cun froito nas súas entrañas: esas son, como nos di a fraseoloxía, as que **casan de penalti**.

Tamén se bromea co matrimonio, **¡Que metan o pé no cesto!** é a expresión usada para facerlle crer a unha parella de mozos parvos que os van casar. Un pouco máis de seriedade se albisca no refrán *Moza con vello, casamento do demo*; *vella con mozo, tamén perigoso*, refrán semellante a *Ben ou mal, casa co teu igual*, en ámbolos dous casos, exíselles ós membros da parella ter unha idade aproximada á hora de casar, do contrario a cousa resultaría, un **casamento do demo**.

Que un esposo se refira á súa consorte como **a súa ovella** non debía producir moita estrañeza, pénsese nunha sociedade na que para moitos non existiu un matriarcado. Pois nesa sociedade, á muller casada só lle quedaba traballar, claro que había -e hai- quen traballaba para dentro e quen traballaba para fóra; así atopámonos con que **coser** ou **moer para fóra** quere dicir ser infiel unha muller no matrimonio e mesmo prostituírse unha casada.

¿Que acontece coas viúvas? Poden suscitar compaixón, tal é o sentimento que se desprende de **A muller viúva, ¡astra as silvas prenden nela!** -indicando a acumulación de problemas e desgracias-. Noutras ocasións son ben distintos os desexos provocados, sobre todo no sexo masculino, e, se non, reparen nisto **¡Atrás dunha muller viúva, ata as pedras dos camiños corren!** Se imos á cor, temos que **Ser unha viúva branca** significa enviuvar unha muller sen ter relación sexual co marido, mentres, a que si tivo relación sexual e se empeñou en ser nai, aínda que non tivo marido, coñécese como **viúva solteira**.

Tal dixo Tinxtu do Sr. Diz Guedes, delegado do Goberno en Galicia:

"Por que señores, se algúen pretende mandarlle un paquete bomba ó presidente da Xunta e se intercepta, haberá que poñe-lo asunto en mans dun xuíz, para que actúe; se é só unha broma de mellor ou peor gusto, un delegado do goberno ten que calar e non dar ideas ó persoal (en todo caso que o responsable X do partido do goberno que denuncie o que proceda); pero non se pode poñer en ridículo o propio cargo que se representa; se nun determinado grupo de estudiantes ou de obreiros hai elementos subversivos, que a policía actúe para castiga-los actos punibles, pero que lle deixe o papel do comunicado de denuncia ou repulsa ó partido político interesasdo.

O CANTAR DO IRIMEGO

1. **Encoméndome devoto**
   ós serafíns e querubes
   pois vou tratar dun asunto
   que seica anda polas nubes.
2. **O meu corazón ansioso**
   estaba completo en vilo
   e despois dun bo sermón
   púxose ledo e tranquilo.
3. **Nunha parroquia de Roma**
   predicou o Santo Padre
   e ando botando as contas
   para que o sermón me cadre.
4. **Xa se sabe que, infalible,**
   sen permiso non se move
   nada no ceo ou na terra
   e se manda chover, chove.
5. **Mais se hai cousas infalibles**
   máis ou menos aceptables,
   o que hai tamén son cousas
   que resultan infalables.
6. **Non se pode falar hoxe**
   coma de cousa fatal
   que o mundo fose anegado
   por diluvio universal.
7. **Sonvos moitas as culturas**
   que conservan ese mito
   de parciais solagamentos
   e aquí nada poño ou quito.
8. **Karol Wojtyla asegura**
   que Deus non vai castigar
   de novo á humanidade
   e non a vai solagar.
9. **Un cavilaba que xa**
   morrera o deus-fontaneiro
   que Xoán Paulo resucita
   a mediados de febreiro.
10. **Pero as augas son moi súas**
    e teñen moita malicia
    e poden inda estragar
    sen ter bula pontificia.
11. **Hai un ano á Virxe piden**
    chuvia os bispos andaluces
    do mal que choveu, matando,
    aínda a xente se fai cruces.
12. **Son cousas ben infalables**
    e pídolle ó Santo Padre
    que non ande polas nubes
    e que non se nos desmadre.
13. **Que un Deus disque bondadoso**
    mandase chuvia en castigo
    évos algo que aínda hoxe
    entender eu non consigo.
14. **Deixemos, logo, o mito**
    na súa mítica función,
    que non pasa a realidade
    nin cun bo quirieleisón.